



## Guía Docente

| Datos Identificativos |   |                    |                         |          | 2019/20 |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------|----------|---------|
| Asignatura (*)        | Psicoloxía comunitaria  | Código             | 652G03034               |          |         |
| Titulación            | Grao en Educación Social  |                    |                         |          |         |
| Descritores           |   |                    |                         |          |         |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                    | Créditos |         |
| Grao                  | 2º cuadrimestre   | Cuarto             | Optativa                | 6        |         |
| Idioma                | Castelán  |                    |                         |          |         |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                         |          |         |
| Prerrequisitos        |   |                    |                         |          |         |
| Departamento          | Psicoloxía  |                    |                         |          |         |
| Coordinación          |   | Correo electrónico |                         |          |         |
| Profesorado           | López-Cortón Facal, Ana María   | Correo electrónico | ana.lopez-corton@udc.es |          |         |
| Web                   | www.udc.es/dep/psico  |                    |                         |          |         |
| Descrición xeral      | <p>A Psicoloxía Comunitaria é un campo de actuación e investigación relacionada coa psicoloxía social que se ocupa do comportamento humano nos seus contextos sociais inmediatos, comunitarios. Como forma de intervención, ocúpase da prevención dos problemas psicolóxicos con raíces sociais (drogas, exclusión, desintegración social, violencia doméstica e pública, trastorno mental, fracaso escolar, delincuencia xuvenil, etc.). Desde unha perspectiva positiva tamén se ocupa de promover o desenvolvemento humano integral.</p> <p>Todo elo desde a participación dos receptores das intervencións comunitarias como suxeitos activos (axentes) na intervención.</p> <p>O seu obxectivo principal é estudar os factores psicosociais que permiten desenvolver, fomentar e manter o control e o poder que os individuos poden exercer sobre o seu ambiente individual e social, para solucionar problemas que os afectan e lograr cambios neses ambientes e na estrutura social.</p> |                    |                         |          |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título  |
|--------|--|
| A1     | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.  |
| A5     | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.   |
| A6     | Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.   |
| A8     | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos   |
| A9     | Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.  |
| A14    | Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.   |
| A17    | Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.   |
| A18    | Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.  |
| A21    | Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.  |
| B1     | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.   |
| B2     | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.   |
| B3     | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.   |
| B4     | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.  |
| B5     | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.   |
| B6     | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.   |
| C4     | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6     | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |



|    |   |
|----|---|
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
|----|---|

| Resultados da aprendizaxe   |  |                            |                |
|---|--|----------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título      |                            |                |
| Avaliar programas, proxectos, servizos e políticas dirixidos ao desenvolvemento persoal, profesional e institucional.                         | A1<br>A5<br>A6<br>A8<br>A9<br>A18<br>A21 | B1                         | C4<br>C8       |
| Diagnosticar as diferentes dimensións, áreas e ámbitos de intervención socioeducativa.  | A1<br>A5<br>A6<br>A14<br>A17<br>A18      | B1<br>B2<br>B3<br>B5       | C4<br>C6       |
| Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación aplicados aos diferentes campos e aspectos da intervención educativa.                       | A1<br>A5<br>A8<br>A9<br>A18              | B2<br>B3                   | C4<br>C6<br>C8 |
| Capacidade de resolución de problemas.  | A6<br>A8<br>A17<br>A18                   | B4<br>B6                   | C6             |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | A1<br>A5<br>A6<br>A8<br>A9<br>A17        | B1<br>B2<br>B3<br>B4       | C4<br>C8       |
| Sensibilización cara os problemas sociais e comunitarios desde a Psicoloxía Social  | A5<br>A8<br>A17                          | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B6 | C4             |

| Contidos                                 |  |
|--|--|
| Temas                                    | Subtemas   |
| I. INTRODUCCIÓN A PSICOLOXÍA COMUNITARIA | 1-Evolución histórica e definicións da Psicoloxía Comunitaria<br>2-Estratexia metodolóxica en Psicoloxía Comunitaria<br>3-Redes de apoio social<br>4-Empowerment |



|   |  |
|---|--|
| 2- PSICOLOXÍA DA VIOLENCIA                                      | 1 Teorías de la agresividad. Variables mediadoras<br>2 Violencia escolar. El menor maltratador<br>3 Mozos Psicopáticos<br>4 Tratamiento de agresores                         |
| 3 -HABILIDADES SOCIAIS  | 1 Tipos de comunicación<br>2 Asertividade<br>3 Educacion Emocional<br>4 Detección da mentira   |
| 4-FORMACIÓN DO AUTOCONCEPTO E AUTOESTIMA                        | 1 Componentes do autoconcepto e a autoestima<br>2 Formación da identidade<br>3 Aspectos sociais derivados da identidade sexual<br>4 O rol da comunidade na identidade sexual |
| 5- PSICOLOXÍA SOCIAL DA SAÚDE                                   | 1 A enfermidade mental e apoio social<br>2 Factores de risco e de protección da enfermidade mental<br>3 Uso do lecer e do tempo libre<br>4 Psicoloxía do deporte             |
| 6-RESILIENCIA PSICOLÓXICA E APLICACIÓN A CONTEXTOS COMUNITARIOS | 1 Concepto de Resiliencia<br>2 Tipos de Resiliencia<br>3 Modelos de Resiliencia<br>4 Aplicacións da resiliencia psicolóxica  |

| Planificación          |                               |   |                         |              |
|------------------------|-------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados     | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados    | A5 A6 A8 A9 B1 B2<br>B4 C8 C4 | 6                                       | 48                      | 54           |
| Presentación oral      | A14 B1                        | 10                                      | 20                      | 30           |
| Estudo de casos        | A14 A17 A18 B5 B6<br>C8       | 14                                      | 17                      | 31           |
| Lecturas               | A1 A21 C6                     | 2                                       | 10                      | 12           |
| Sesión maxistral       | B3 C6 C8                      | 20                                      | 0                       | 20           |
| Atención personalizada |                               | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |   |
|---------------------|---|
| Metodoloxías        | Descrición  |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> |
| Presentación oral   | <p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, proponendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.</p>  |



|                  |   |
|------------------|---|
| Estudo de casos  | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.         |
| Lecturas         |   |
| Sesión maxistral | Exposición oral comentada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade soe reservarse para un tipo especial de lección impartida por un docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                           | Descrición  |
|--|---|
| Traballos tutelados<br>Estudo de casos | <p>Para el desarrollo del trabajo tutelado y proyectos los alumnos deben acudir a las tutorías específicamente creadas para tal fin y recibirá atención y guía del profesor en los siguientes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Al menos una sesión para la elección del tema a desarrollar posteriormente y la orientación bibliográfica.</li> <li>- Al menos una sesión para presentar un esquema de desarrollo del trabajo.</li> </ul> <p>Los trabajos tutelados pueden realizarse de manera individual por norma general y los proyectos en grupo, que no podrá exceder de 4 personas.</p> |

### Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados     | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|-------------------------------|--|---------------|
| Sesión maxistral    | B3 C6 C8                      | Valórase a participación activa do alumnado nas sesións maxistras, así como o intercambio de impresións alumno/a- profesora  | 10            |
| Traballos tutelados | A5 A6 A8 A9 B1 B2<br>B4 C8 C4 | <p>O traballo tutelado constará de dúas partes. A primeira versará sobre o estudo dun problema social dende o punto de vista da psicoloxía comunitaria</p> <p>A segunda parte consistirá no desenvolvemento hipotético dun plan de intervención comunitaria.</p>                                       | 30            |
| Presentación oral   | A14 B1                        | <p>Ademais do informe por escrito, os traballos tutelados deberán expoñerse na clase de forma oral. O alumnado poderá utilizar os apoios técnicos dispoñibles .</p> <p>Valorarase a forma de expresarse, a comunicación gestual, a claridade na exposición e o axuste a los contenidos del trabajo</p> | 20            |
| Estudo de casos     | A14 A17 A18 B5 B6<br>C8       | Ao longo do cuatrimestre presentaranse diferentes situacións relacionadas coa asignatura que o alumnado deberá debatir, traballar en grupo ou individual, resolver, realizar rol playings, etc, para coñecer máis en profundidade as diferentes realidades sociais                                     | 40            |
| Outros              |                               |  |               |

### Observacións avaliación



## CONVOCATORIA ORDINARIA

A nota final será a suma de todas as metodoloxías arriba indicadas.

## CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Aquelas persoas que non aprobasen na convocatoria de xuño e teñan polo menos, un 4 sobre 10 en dita convocatoria, poderán gardar a nota para a portunidade de xullo, debendo realizar unha proba con contidos das sesións maxistras para superar esta convocatoria, que computará o 60% da nota total.

No caso de non acadar polo menos un 4 sobre 10 na convocatoria anterior, a persoa deberá realizar unha proba con contidos referentes ás sesións maxistras, traballos tutelados e estudos de casos que computará o 100% da nota

### No Asistencia a clase/dispensa

Aquelas persoas que obtiveran a dispensa a clase ou que, por causas debidamente xustificadas, no poidan asistir, deberán poñerse en contacto coa profesora ao principio do cuadrimestre para realizar as tarefas de forma continuada e enviárselas á profesora.

Na convocatoria extraordinaria poderán optar a superar a asignatura facendo unha única proba que suporá o 100% da nota sobre os contidos e os casos da asignatura

## Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- SANCHEZ VIDAL, A. (2007). Manual de Psicología Comunitaria: un enfoque integrado. Madrid: Pirámide</li> <li>- FERNANDEZ SEDANO, I., MORALES, J.F., MOLERO, F. (2011). Psicología de la intervención comunitaria . Bilbao: Descleé de Brouwer</li> <li>- MAYA JARIEGO, I., GARCÍA RAMÍREZ M. SANTOLAYA SORIANO, F.J. (2007). Estrategias de intervención psicosocial : casos prácticos. Madrid: Pirámide</li> <li>- MUSITU, G. (2004). Introducción a la Psicología Comunitaria. Barcelona: UOC</li> <li>- JAVALOY, F. (2001). Comportamiento Colectivo y Movimientos Sociales. Madrid: McGraw Hill</li> <li>- MUSITU, G. et al (1994). Intervención Comunitaria. Valencia : Set i Set Edic</li> <li>- SANCHEZ, A. (1996). Psicología Comunitaria. Barcelona: Ediciones de la Universidad de Barcelona</li> <li>- COSTA, M. &amp; LÓPEZ, E. (1991). Manual para el Educador Social. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales</li> <li>- CLEMENTE DIAZ, M. (2010). Introducción a la psicología social : enfoques teóricos clásicos. Madrid. universitas</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- PUIG, G. y RUBIO, J.L. (2011). Manual de resiliencia aplicada. Barcelona : Gedisa, 2011.</li> <li>- Blanca Estela Barcelata Eguiarte (2019). Adaptación y resiliencia adolescente en contextos múltiples /. Ciudad de México : Editorial El Manual Moderno, 2019.</li> <li>- Davis, Flora (2000). La comunicación no verbal. Madrid : Alianza,</li> </ul>   |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías